

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de CEDEIRA desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción: **POSTA INMEDIATA A DISPOSICIÓN DA XUNTA DE GALICIA DO SOLO PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO CENTRO DE SAÚDE.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos orzamentos da Xunta de Galicia do 2010 xa figuraba o novo Centro de Saúde de Cedeira e o Concello xa tiña posto a disposición da Consellería de Sanidade o solo necesario para a súa construción. Só restaba un último impulso por parte da Xunta, que foi dado cando se firmou o convenio co Ministerio de Agricultura de Madrid, a principios do 2012, para construír ou mellorar centros de saúde, según os casos, en diferentes localidades de Galicia.

Mentras o alcalde recoñecía na prensa descoñecer todo ao respecto, Cedeira aparecía situada de maneira moi ventaxosa con case dous millóns e medio de euros para a construción dun centro de saúde.

Desde entón, o PP cedeirés estalle dando voltas á peonza nun baile macabro, 15 concellos de Galicia, que iban no mesmo saco que nós, teñen avanzados os seus novos edificios ou as remodelacións correspondentes, según os casos. Eles fan o que teñen que facer, traballar con presteza, porque os cartos que hai hoxe, poden non estar mañán e en xusta lóxica quen non amosa interese acaba por ser esquecido e substituído por outros máis dinámicos e traballadores.

O grupo municipal do PP entorpeceu o proxecto desde o primeiro momento. Utilizou todo tipo excusas que nos siguen situando no punto cero. Pechan os plenos para non deixarnos preguntar e ante a prensa escúdanse na largueza dos prazos, como se a rehabilitación dos nosos maiores permitise demoras. Non señoras e señoras do PP, nisto tamén están sendo irresponsables por deixar durmir, esperemos que non

morrer un importantísimo proxecto vital para a atención sanitaria de Cedeira e tamén, e hai que dicilo, para o traballo e as pequenas empresas subministradoras de Cedeira.

Por todo elo o GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA propón para a súa aprobación polo pleno a seguinte

MOCIÓN

1. Instar ao grupo de goberno do PP a posta inmediata a disposición da Xunta de Galicia do solo necesario para a construción do Centro de Saúde.
2. Instar ao Grupo de Goberno do PP a acordar coa Xunta de Galicia a incorporación do proxecto de Construción do Centro de Saude de Cedeira nos próximos orzamentos.

En Cedeira, a 23 de xaneiro de 2014

JOSÉ LUIS VERGARA REY

Voceiro do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE
D. Luis Rubido Ramonde
CONCELLO DE CEDEIRA